

ANEXO I

PROCESO SELECTIVO: AXUDANTE DE EDUCACIÓN (CPI DT2ª RDL 5/2015, 30 OUTUBRO, TRLEBEP E DA 17ª LEPG)

PRIMEIRO EXERCICIO- Cuestionario tipo test

1. Que artista levou a primeira medalla na exposición Nacional de 1941?
 - a. Maruja Mallo
 - b. Eliseo Meifrén
 - c. Gonzalo Bilbao
 - d. Julia Minguión

2. Que artista dos citados formou parte da chamada “Xeración Doente”?
 - a. Serafín Avendaño
 - b. Ramón Parada Justel
 - c. Francisco Lloréns
 - d. Dionisio Fierros

3. Que escultor realizou o busto en escaiola de Manuel Quiroga exposto no Museo?
 - a. Bonome
 - b. Asorey
 - c. José María Acuña
 - d. Fernando Campo Sobrino

4. Con que obra acadou Castelao a terceira medalla na Exposición Nacional de 1915?
 - a. O cego de Padrenda
 - b. Mariñeiro cego
 - c. Cuento de ciegos
 - d. O emigrante

5. Que parte do sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor se conserva ademais da tapa coa estatua xacente?
 - a. Consérvase a totalidade do sartego
 - b. O epitafio completo
 - c. Un anaco do escudo dos Soutomaior
 - d. O frontal da sepultura

6. Quen foi o arquitecto responsable da última ampliación do Edificio Fernández López rematada no 2003?
 - a. César Portela
 - b. Rafael Fontoira

- c. Juan Argenti
 - d. Celestino García Braña
7. Que parte se conserva do antigo convento e igrexa de San Domingos de Pontevedra?
- a. A nave central da igrexa
 - b. A cabeceira e o transepto
 - c. A fachada occidental
 - d. O claustro do convento
8. Cal destes persoeiros foi director do Museo de Pontevedra?
- a. José Fernández López
 - b. Gerardo Álvarez Limeses
 - c. Daniel de la Sota
 - d. Antonio Losada Diéguez
9. Que animal aparece representado nun par de arracadas do *Tesouro Bedoya*?
- a. Xabaril
 - b. León
 - c. Cervo
 - d. Mosca
10. Cal destas pezas non pertence á Idade Media?
- a. Placa das Torres do Oeste
 - b. Profetas do Pórtico da Gloria
 - c. Pía de Mougás
 - d. Lauda sepulcral de Modesa
11. Que tipo de follas están representadas nos capiteis prerrománicos de Setecoros?
- a. De carballo
 - b. De piñeiro
 - c. De acanto
 - d. De loureiro
12. En que idioma están escritas as inscricións do retablo gótico de Santa María de Belvís?
- a. Galego
 - b. Latín
 - c. Grego
 - d. Castelán
13. Cal dos seguintes edificios foi Hospicio ata 1974?

- a. Ruínas de Santo Domingo
 - b. Edificio Sarmiento
 - c. Edificio García Flórez
 - d. Edificio Castelao
14. Que arquitectos gañaron o concurso público para a construción do Edificio Castelao?
- a. Casto Sampedro y Folgar
 - b. Eduardo Pesquera e Jesús Ulargui
 - c. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Francisco Javier Sánchez Cantón
 - d. José Fernández López e Jorge de Andrade
15. No Edificio Castelao expónse un debuxo do Edificio Castro Monteagudo antes da súa rehabilitación como Museo. Quen é o autor deste fermoso debuxo?
- a. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
 - b. Francisco Lloréns
 - c. Carlos Sobrino
 - d. Alfredo Souto Cuero
16. O influxo do pintor irlandés Francis Bacon é moi patente na obra da artista:
- a. María Antonia Dans
 - b. Maruja Mallo
 - c. Berta Cáccamo
 - d. María Victoria de la Fuente
17. Que elemento simbólico da cultura galaica aparece representado no machado votivo do castro de Leiro (Ribadumia)?
- a. Un tríscele
 - b. Un torque
 - c. Unha roseta
 - d. Ningún dos anteriores
18. En que pintor se inspirou Castelao para un dos debuxos da súa serie *Os meus compañeiros*?
- a. Brueghel
 - b. Goya
 - c. Velázquez
 - d. Ensor
19. De que autor do grupo dos Renovadores expón o Museo dous murais da súa etapa na Arxentina?
- a. Luis Seoane
 - b. Castelao

- c. Manuel Colmeiro
 - d. Laxeiro
20. A que tipo de público dos museos nos referimos cando falamos de público “especializado”?
- a. Ás persoas académicas e investigadoras
 - b. Ao escolar
 - c. Ao das persoas con diversidade funcional
 - d. Aos turistas
21. En que ano foi acordado polo pleno da Deputación de Pontevedra aprobar o I Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres?
- a. 2015
 - b. 2017
 - c. 2022
 - d. 2012
22. A quen pertenceu a edición dos *Caprichos* de Goya que posúe o Museo de Pontevedra?
- a. Sánchez Cantón
 - b. Castelao
 - c. Sánchez Mesas-Fernández de Tejada
 - d. Fernández López
23. Quen é o autor do retrato titulado *Vello*, no que destaca a forza expresiva do rostro e a súa indumentaria rexional?
- a. Dionisio Fierros
 - b. Antonio Jaspe Moscoso
 - c. Manuel Ángel Álvarez
 - d. Román Navarro
24. Que insigne recoñecemento recibiu Manuel Quiroga en 1931?
- a. Cabaleiro da Lexión de Honor
 - b. Orde de Afonso X o Sabio
 - c. Premio internacional do Conservatorio de París
 - d. Membro de Honor da Academia de Belas Artes
25. De que membro dos Renovadores, considerado o gran teórico do grupo, está exposto un autorretrato?
- a. Arturo Souto
 - b. Manuel Colmeiro
 - c. Manuel Torres
 - d. Carlos Maside

26. En que data foi inaugurado o Edificio Castelao do Museo?
- 4 de xaneiro de 2013
 - 17 de xaneiro de 2010
 - 9 de febreiro de 2013
 - 17 de agosto de 2014
27. De que pintor galego, principal representante do Romanticismo español e gran paisaxista, hai varias obras expostas no Edificio Catelao?
- Ovidio Murguía de Castro
 - Jenaro Carrero
 - Fernando Álvarez de Sotomayor
 - Jenaro Pérez Villaamil
28. Cal é a data da fundación do Museo de Pontevedra?
- 30 de decembre de 1894
 - 30 de decembre de 1927
 - 10 de agosto de 1929
 - 23 de decembre de 1986
29. Que tipo de representación atopamos na lauda coñecida como Modesa?
- Epitafio
 - Estola
 - Capitel
 - Tímpano
30. Que dúas pezas procedentes do Pórtico da Gloria conservamos no Museo?
- Tímpano de San Martín
 - Imaxe de San Pedro
 - Profetas
 - Capitel de Santa María de Bermés
31. En que período artístico enmarcarías o retablo de Belvís?
- Renacemento
 - Modernismo
 - Gótico Lineal
 - Barroca
32. Que escultura atribuída a João de Ruão é unha das máis significativas do Museo?
- Santa Ana, a Virxe e o Neno
 - San Sebastián
 - Virxe Branca
 - Virxe co Neno

33. Que artista fixo o busto de Enrique Sobrino?
- María del Carmen Corredoyra
 - Carmen Alcoverro
 - Julia Minguillón
 - Elena Colmeiro
34. Da serie de tímpanos que forman parte da colección do Museo, cal presenta o tema da Epifanía?
- Tímpano de San Martiño de Moaña
 - Tímpano da colexiata de Santa María de Vigo
 - Tímpano de San Xoán de Palmou
 - Tímpano de San Francisco de Pontevedra
35. Quen é o autor do busto dedicado a Frei Martín Sarmiento que se expón no Edificio Castelao?
- Felipe de Castro
 - Gregorio Fernández
 - Isidoro Brocos
 - José Ferreiro
36. Segundo a inscrición epigráfica que presenta: a que emperador romano está dedicado o miliario da ponte do Burgo atopado nas escavacións de 1988?
- Hadriano
 - Vespasiano
 - Tiberio
 - Trajano
37. A que autor galego relacionado co círculo de Velázquez se lle atribúe a obra *A taberna*?
- Murillo
 - Zurbarán
 - Ferro Requeixo
 - Antonio Puga
38. A que artista vencellado ao grupo de Os Novos pertence a obra titulada *Bodegón dos bastóns*?
- Laxeiro
 - Arturo Souto
 - Manuel Torres
 - Carlos Maside
39. Cal é unha das primeiras funcións atribuídas ás pezas de ouro na prehistoria?

- a. Ritual ou votiva
 - b. Ferramenta de traballo
 - c. Utilitaria
 - d. Decoración de vivendas
40. En que tipo de contexto adoitan aparecer as pezas de ouro da Idade do Bronce no noroeste da Península Ibérica?
- a. Contexto doméstico
 - b. Contexto funerario e depósitos ou ocultamentos
 - c. Contexto militar
 - d. Contexto relixioso
41. Cal das seguintes pezas pertence ao Tesouro de Agolada?
- a. Colar de tiras
 - b. Anel de ouro
 - c. Fíbula cruciforme
 - d. Brazaletes de prata
42. Que tipo de pezas formaban parte do Tesouro de Caldas II?
- a. Brazaletes e aros
 - b. Restos de láminas probablemente pertencentes a unha diadema
 - c. Colares de tiras
 - d. Fíbulas e broches
43. Que técnica decorativa empregouse nas arracadas tipo arriñonado do Tesoro Bedoya?
- a. Repuxado
 - b. Filigrana e granulado
 - c. Cera perdida
 - d. Engaste de pedras preciosas
44. Que material era utilizado para coñecer a pureza do metal na ourivería?
- a. Pedra de toque
 - b. Balanzas
 - c. Carbono 14
 - d. Raios X
45. Que elemento decorativo aparece na Estela de Cornelio Cresimo?
- a. Un crecente luar e tres arcos de medio punto
 - b. Un relevo antropomorfo
 - c. Unha figura humana vestida con túnica
 - d. Un barco
46. Que obra de Carmen Babiano podemos ver exposta no museo?

- a. Vista de Pontevedra desde A Caeira
- b. Retrato de dama
- c. As Pitas
- d. Campesiña

47. A que colección particular, hoxe no Museo, pertence o autorretrato do autor chileno Claudio Bravo?

- a. Colección Fernández López
- b. Colección Fernández de la Mora y Mon
- c. Colección Sánchez Mesas- Fernández de Tejada
- d. Colección Blanco Cicerón

48. Cal é o obxectivo principal da Lei 10/2014, do 3 de decembro de Accesibilidade de Galicia?

- a. Promover a construción de novos edificios en zonas rurais.
- b. Garantir a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade mediante a accesibilidade universal.
- c. Aumentar a financiación para organizacións non gubernamentais.
- d. Mellorar a calidade de transporte público nas grandes cidades.

49. Cal foi o primeiro director do Museo de Pontevedra?

- a. José Filgueira Valverde
- b. Gerardo Álvarez Limeses
- c. Francisco Javier Sánchez Cantón
- d. Casto Sampedro

50. Os principios que deben guiar a función didáctica dos museos son:

- a. Os relativos ao público
- b. Os relativos á mensaxe expositiva
- c. Os relativos ás persoas educadoras
- d. A suma dos tres anteriores

PREGUNTAS DE RESERVA

51. (R1) Cal destas afirmacións completa a definición de "museo" establecido polo ICOM en 2007: "Un museo é unha institución permanente, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e aberta ao público, que adquire, conserva, estuda e difunde o patrimonio material e inmaterial da humanidade con fins ...".

- a. Lúdicos e creativos
- b. De educación e difusión
- c. De salvagarda e investigación
- d. De estudo, educación e recreo

52. (R2) Que importante ceramista ten algunha das súas obras feitas neste material exposta no Museo?
- Pablo Picasso
 - Xaime Piñeiro
 - Elena Colmeiro
 - Emilia Guimeráns
53. (R3) Arturo Souto foi un dos bolseiros da Deputación de Pontevedra. Cal foi a obra que lle entregou a dita institución en 1928?
- Estudio. Caretas e flores
 - Feirantes
 - Estampa
 - Dobre maternidade
54. (R4) Dos seguintes artistas, cal é considerado o precursor ideolóxico do grupo de Os Renovadores?
- Fernando Álvarez de Sotomayor
 - Francisco Lloréns
 - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
 - Jenaro Carrero
55. (R5) Que elementos arquitectónicos engadíronse á fachada do Edificio Fernández López en 1972?
- Esculturas
 - Gárgolas
 - Arcos sobre semicolumnas
 - Unha ponte para conectar con outro edificio



ANEXO II

PLANTILLA DE RESPUESTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR CATRO PRAZAS DE AXUDANTE DE EDUCACIÓN MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL (CPI DT2ª RDL 5/2015, 30 OCTUBRE, TRLEBEP Y DA 17ª LEPG)

1	D
2	B
3	D
4	C
5	D
6	D
7	B
8	B
9	D
10	C
11	C
12	A
13	B
14	B
15	B
16	D
17	B
18	A
19	D
20	A
21	B
22	B
23	D
24	A
25	D
26	A
27	D
28	B
29	B
30	C

31	C
32	C
33	B
34	B
35	A
36	A
37	D
38	C
39	A
40	B
41	A
42	B
43	B
44	A
45	A
46	C
47	C
48	B
49	D
50	D
PREGUNTAS RESERVA	
51 (R1)	D
52 (R2)	C
53 (R3)	A
54 (R4)	C
55 (R5)	C